


NOTA DE PRENSA



LUZ
NA ESCURIDADE

FOTOGRAFÍAS DENDE O CÁRCERE

Por primeira vez

Persoas reclusas no centro penitenciario da Lama mostran a súa vida cotiá a través das súas propias fotografías.

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO
do 11 ao 18
de maio

#DIM2023

REDE DE MUSEOS CONCELLO DE VIGO MARCO
MARCO FUNDACIÓN
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
STAFF NELSON MANDELA A LAMA
FILMOTECA DE GALICIA
FOTOGRAFÍAENCURSO

LUZ NA ESCURIDADE. Fotografías dende o cárcere

Por primeira vez, persoas internas no Centro Penitenciario A Lama mostran a súa vida cotiá a través das súas propias fotografías. As imaxes exhibíense en varios paneis situados na Galería B3, o espazo de Didáctica no 1º andar.

Resultado do proxecto “Fotografía en curso”, no contexto do Plan Proxecta (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, AGADIC, CGAI)

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, en colaboración coa EPAPU Nelson Mandela, C.P. A Lama

Lugar: MARCO, Galería B3, 1º andar


Do 11 ao 18 de maio de 2023

Aberto ao público en xeral

Actividades para escolares (alumnado a partir de 4º ESO, Bacharelato e FP)

Venres 12 e martes 16 de maio, de 10.00 a 11.30 (1ª quenda) e de 11.30 a 13.00 (2ª quenda)

Previa reserva a través do email comunicacion@marcovigo.com



O proxecto **LUZ NA ESCURIDADE** nace froito do traballo do alumnado da **EPAPU Nelson Mandela** ao longo do curso 2021/22, no contexto do programa **Fotografía en curso** (Plan Proxecta), dirixido a todos os centros de ensino de Galicia, que parte dun programa de prácticas e visionados compartidos por diversos centros educativos, e dunha metodoloxía dirixida a fomentar o traballo cooperativo, interdisciplinario e competencial, coa colaboración de profesionais expertos nas artes da imaxe.

A **EPAPU Nelson Mandela** é un centro de adultos inserido no cárcere da Lama. Este feito e o seu estrito réxime interno condicionan, sen dúbida, o labor docente e limitan os recursos dispoñibles, incluída a restricción de acceso ás novas tecnoloxías, e moi especialmente o contacto co exterior. Por todo isto, decidiron realizar actividades “diferentes ás habituais” para dinamizar o centro e motivar o alumnado mediante unha metodoloxía compartida e máis participativa.

+ **INFO** sobre o desenvolvemento do proxecto na Lama, contidos e metodoloxía, en:

<https://www.edu.xunta.gal/eduga/2352/plan-proxecta/luz-na-escuridade>

A través de diferentes propostas temáticas (*espazos baleiros, dende a ventá, retratos, diarios de luz*) foron elaborando un **proxecto fotográfico** formado por 35 composicións, entendidas como un todo, cun total de **102 imaxes seleccionadas** entre máis de 900.



3

“Unha vez roto o tabú de realizar fotografías na escola, da utilización das cámaras por parte dos internos e internas, e do uso da súa propia imaxe, quixemos dar visibilidade á realidade penitenciaria cara ao exterior, co fin de romper estigmas e dar unha imaxe máis real de cómo é a vida tralos muros dun cárcere e de cómo eses muros non son quen de poñer límites á súa creatividade.” [Extracto do limiar da publicación Luz na escuridade].

Neste contexto educativo inscríbese a **exhibición dunha selección destas imaxes nas salas do MARCO**. Un lugar que no pasado foi tamén cárcere e xulgados, e que hoxe se abre para acoller este proxecto compartido, co obxectivo de contribuír á sensibilización e divulgación doutras realidades non sempre ben comprendidas.

O proxecto complétase coa iniciativa **BIBLIOTECAS HUMANAS**: historias de vida en primeira persoa, que se desenvolverá na mesma sala o 11 e o 18 de maio, coincidindo co **Día Internacional dos Museos**.

BIBLIOTECAS HUMANAS. Historias de vida en primeira persoa


Cinco persoas do alumnado da EPAPU Nelson Mandela, internas no Centro Penitenciario da Lama, **comparten** con nós unha parte das súas **historias vitais**, dende perspectivas distintas á norma. Da soidade da cela, onde flúen os recordos, á posibilidade de establecer unha conversa coas persoas participantes, coas imaxes do proxecto “Luz na escuridade” como pano de fondo.

Aberto ao **público en xeral**, e especialmente: **escolares** a partir de 4º ESO, Bacharelato e FP, **estudantes** universitarios, **asociacións**, **grupos** e **colectivos** interesados.

Datas e horarios:

Xoves **11 maio** = 3 sesións ás 10.30, 11.30 e 12.30 / Xoves **18 maio** = 3 sesións ás 10.30, 11.30 e 12.30

Previa reserva a través do email centro.documentacion@marcovigo.com



Que é unha Biblioteca Humana

O concepto de Biblioteca Humana (*Human Library*) foi creado no ano 2000 en Copenhague por Ronni Abergel coa intención de rematar cos prexuízos e estereotipos. Os nosos libros son persoas que comparten as súas historias a través de conversas cara a cara cos lectores. A nosa é unha biblioteca de empatía onde teremos a posibilidade de mergullarnos na experiencia doutra persoa e chegar a comprender o porqué dos seus feitos sen ter, por iso, que xustificalos. En todos os casos o obxectivo é ser lido polo maior número de persoas coa finalidade de formar individuos máis comprensivos e empáticos ou, o que é o mesmo, para ter un mundo mellor.

Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé Tel. +34 986 113908 / 113904 / 113900 comunicacion@marcovigo.com